

# CONVENCIÓN SOBRE OS DEREITOS DO NENO

Versión adaptada para mozos e mozas de 12 a 14 anos

## Art. 1 DEFINIÇÃO DE NENA E NENO

Esta Convención aplícase a todos os nenos e todas as nenas, entendendo por neno ou nena toda persoa menor de 18 anos. Polo tanto, tamén inclúe as e os adolescentes.

## Art. 2 NON DISCRIMINACIÓN!

Os dereitos desta Convención son para todos os mozos e mozas sen ningunha distinción, de sexo, lingua, relixión, opinión política ou de outro tipo, orixe nacional, étnica ou social, posición económica ou impedimentos físicos.



## Art. 3 O INTERESE SUPERIOR DO NENO

Cando unha institución pública ou privada, ou unha persoa teñan que tomar unha decisión sobre os nenos, nenas ou adolescentes, débese considerar en primeiro lugar o que sexa máis beneficioso para estes. Os estados comprométese a asegurar a todos os nenos e nenas a protección e atención necesarias para o seu benestar.

## Art. 4 RESPONSABILIDADE DOS ESTADOS NO CUMPRIMENTO DOS DEREITOS

Os gobernos e as autoridades deben facer todos os esforzos posibles para que os dereitos recoñecidos nesta Convención se cumpran.

## Art. 6/27 DEREITO A UNHA VIDA DIGNA

Todas as mozas e mozos teñen dereito intrínseco á vida. Os estados farán todo o posible para garantir a supervivencia e desenvolvemento dos mozos e mozas. Todos os mozos e mozas teñen dereito a un nivel de vida adecuado para o seu desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral e social.

## Art. 7 DEREITO A UN NOME E UNHA NACIONALIDADE

Todos os mozos e mozas serán inscritos despois do seu nacemento e terán dereito a un nome e unha nacionalidade, a coñeceren as súas nais e os seus pais e a seren coitados por eles.

## Art. 9/20 PROTECCIÓN ESPECIAL DAS MOZAS E MOZOS SEPARADOS DOS SEUS PAIS E NAIS

Ningunha moza nin ningún mozo deben ser separados das súas nais nin dos seus pais, a non ser que sexa polo seu propio ben. As mozas e mozos, que de forma temporal ou permanente, estean separados da súa familia, teñen dereito á protección e asistencia das autoridades, que se encargarán de garantir a continuidade na educación do mozo ou moza.

## Art. 8 DEREITO Á IDENTIDADE

Todos os mozos e mozas teñen dereito a preservaren a súa identidade, nacionalidade, o seu nome, o das persoas que queren e as súas relacións familiares.

## Art. 10 REUNIFICACIÓN FAMILIAR

Os Estados atenderán de forma positiva, humanitaria e eficaz, calquera solicitude dunha persoa para entrar ou saír dun Estado coa fin de reunir á familia.

## Art. 15 DEREITO A ASOCIARSE

Todos os mozos e mozas teñen dereito á liberdade de asociación e á liberdade de celebrar reunións pacíficas.

## Art. 22 PROTECCIÓN DAS MOZAS E MOZOS REFUXIADOS

As mozas e mozos refuxiados teñen dereito a unha protección especial. As autoridades deben cooperar coas organizacións que protexen os mozos e mozas refuxiados.

## Art. 23 DEREITOS DAS MOZAS E MOZOS CON DISCAPACIDADE

Todas as mozas e mozos que padecen algunha discapacidade, física, sensorial ou psíquica, teñen dereito a gozaren dunha vida plena e en condicións que aseguren a súa dignidade, que lles permitan chegar a valerse por si mesmos e faciliten a participación activa na comunidade.

## Art. 31 DEREITO AO XOGO E AO DESCANSO

Todos os mozos e mozas teñen dereito a xogaren, a descansaren e a participaren en actividades recreativas propias da súa idade. Tamén teñen dereito a participaren en actividades culturais e artísticas.

## Art. 38 PROTECCIÓN CONTRA O RECRUTAMENTO DE NENAS E NENOS SOLDADOS

Os mozos e mozas menores de 15 anos teñen dereito a estaren protexidos contra o recrutamento para participaren en conflitos armados, e os estados deben asegurar que isto se cumpra.

## Art. 40 MOZAS E MOZOS EN CONFLICTO COA LEI

Se un mozo ou moza é declarado culpable de cometer un delito, ten dereito a ser tratado dignamente, a recibir asistencia xurídica, a un intérprete se non entende a lingua utilizada, a estar informado do seu proceso e a dispoñer de programas educativos que fomenten o seu benestar e reintegración social.

## Art. 13 LIBERDADE DE EXPRESIÓN

Todos os mozos e mozas teñen dereito á liberdade de expresión. Este dereito implica a liberdade de buscar, recibir e difundir información e ideas de todo tipo, sempre que non estean en contra dos dereitos doutras persoas.

## Art. 12 DEREITO A EXPRESSAR A SÚA OPINIÓN E A SEREN ESCOITADOS

Todas as mozas e mozos teñen dereito a expresaren libremente a súa opinión en todos os asuntos e a seren escoitados e escoitadas nos asuntos que teñan que ver con eles e elas. Iso significa que teñen dereito a participaren nas diferentes áreas da comunidade ou sociedade.

## Art. 17 ACCESO A UNHA INFORMACIÓN ADECUADA

Os mozos e mozas teñen dereito a accederen a información e material de diversas fontes, que teña por finalidade promover o seu benestar social, espiritual e moral, e a súa saúde física e mental.

## Art. 14 LIBERDADE DE PENSAMENTO, CONCIENCIA E RELIXIÓN

Todos os mozos e mozas teñen dereito á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.

## Art. 28/29 DEREITO Á EDUCACIÓN

Os mozos e mozas teñen dereito á educación en igualdade de oportunidades. As autoridades deben implantar o ensino primario obrigatorio e gratuito para todo o mundo e fomentar o desenvolvemento do ensino secundario. A educación de todos os mozos e mozas debe estar dirixida a desenvolver a súa personalidade e aptitudes. Os mozos e as mozas deben aprender a respectar os dereitos humanos e as liberdades fundamentais das persoas.

## Art. 21 PROTECCIÓN EN CASO DE ACOLLIDA OU ADOPCIÓN

En caso de adopción ou acollida, cando se deba tomar unha decisión que teña que ver co mozo ou coa moza, considerárase prioritario o seu benestar persoal.

## Art. 33 PROTECCIÓN CONTRA O CONSUMO E TRÁFICO DE DROGAS

Os estados deben adoptar todas as medidas adecuadas para protexer os e as adolescentes contra o uso ilegal de drogas así como para impedir que se lles utilice na produción e tráfico destas substancias.

## Art. 30 PROTECCIÓN ÁS MINORÍAS

Os mozos e mozas que pertencen a algunha minoría étnica, relixiosa ou lingüística teñen dereito a gozaren da súa vida cultural, a practicaren a súa relixión ou a usaren a súa lingua.

## Art. 35 PROTECCIÓN CONTRA O SEQUESTRO, VENDA E TRÁFICO DE MOZOS E MOZAS

Os estados tomarán todas as medidas que sexan necesarias para impedir o secuestro, a venda ou o tráfico de mozos e mozas para calquera finalidade.

## Art. 41 A LEI MÁIS ADECUADA

Os dereitos da infancia, ademais de estaren recollidos nesta Convención, poden estar recollidos nas leis internas dun Estado e nas leis internacionais que ese Estado teña asinadas. Aos mozos e mozas aplicaráselles a lei que lles sexa máis adecuada e satisfactoria.

## Art. 42 DIFUSIÓN DA CONVENCIÓN

Os gobernos, as institucións e todas as persoas deben facer coñecer estes dereitos a todas as persoas para que se respecten en todo o mundo.